



A CONSELLERÍA RECTIFICARÁ E ABOARÁ O 2% DE SUBA NA TOTALIDADE DE CONCEPTOS DA NÓMINA XA NO MES DE XULLO

Tras a denuncia formulada o mércores 17 de xullo polas organizacións sindicais **CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP Ensino**, asinantes do Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación **demandando a rectificación inmediata da orde de confección de nóminas** do persoal ao servizo da Administración autonómica, reunímonos coa Administración de forma **urxente o día 18/07/2024**

Nesta reunión as organizacións asinantes do Acordo de Medidas de Mellora **esiximos que a suba do 2% se aplicara á totalidade de conceptos da nómina**, incluído o complemento específico por formación permanente (sexenios), o relativo ao exercicio de órganos unipersonais e de goberno así como o correspondente ao desempeño de función titorial e outras funcións docentes, complementos que xa incrementaran a súa cuantía en xaneiro pola sinatura do Acordo de Medidas de Mellora.

Non aplicar a suba en todos os conceptos da nómina constituía, á xuízo das organizacións asinantes, un **claro incumplimento do acordo asinado**, que non incluía ningunha cláusula que motivara tal absorción, así como unha mostra de mala fe xa que na última suba aos empregados públicos do 0,5% en febreiro de 2024 sí que se incluíu o incremento na totalidade de conceptos da nómina.

Tras a demanda de solucións pola nosa parte na reunión, a **Administración recoñeceu o seu erro, comprometéndose a incorporar a suba do 2% en todos os conceptos da próxima nómina** a percibir correspondente á mensualidade de xullo.

Lamentamos a actitude doutras organizacións sindicais, como CIG e outra organización sen representación nas mesas de negociación, que se apresuraron a aproveitar esta cuestión, tan importante para o persoal docente, para seguir coa súa **estratexia de “canto peor mellor”**, limitándose a **seguir atacando** o Acordo de Medidas de Mellora e ás organizacións asinantes **sen demandar nin tentar conseguir solucións**. Tal **actitude de confrontación** imposibilita a **unidade sindical**, e reflicte, no caso concreto de CIG-Ensino, un claro **papel de “pseudosindicato”** no que leva asentado xa moitos anos, nos que non conseguiu ningunha mellora concreta para o persoal docente nin para o sistema educativo.

As organizacións asinantes do Acordo de Medidas de Mellora, **CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP Ensino**, seguiremos practicando un **sindicalismo útil para o profesorado** e o resto da comunidade educativa, que acada **melloras en ratios, horario, retribucións e redución da burocracia**, esixindo para conseguilo o **cumplimento íntegro de todas as disposicións do Acordo**, acudindo á vía xudicial se é preciso para conseguilo.